

MPN/plc

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA 21/04/2023

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D. Carlos López Font, en substitución de D ^a Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D ^a . Ana María Mejías Sacaluga D. Gorka Gómez Díaz D ^a . Raquel Giráldez Armas D. Manuel González Martínez D. Gregorio Agís Gómez D ^a Iria Lamas Salgueiro D. José Carlos López Campos D. Jorge Cubela López D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso D ^a . María Paz Lago Martínez D. Ignacio Maril Pardo D. José Alfonso Marnotes González D. Javier Tourís Romero D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as doce horas e dous minutos do día vinte e un de abril de dous mil vinte e tres, reúnen no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e catro de marzo do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” CORRESPONDENTE AO ANO 2023 (Expte. 2023020093)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” CORRESPONDENTE AO ANO 2023

Do exame do expediente, quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- *No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, no marco de cooperación de proxectos e actuacións de interese común, elaboraron conxuntamente unha proposta de convenio co fin de colaborar no desenvolvemento da terceira Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR MINDTECH ” correspondente ao ano 2023, que terá lugar na cidade de Vigo os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023.*
- *O desenvolvemento desta feira potencia e promociona o sector industrial e metalúrxico galego, na que as empresas locais poidan amosar todo o potencial que se ten en Galicia, creando oportunidades de negocio tanto locais, coma nacionais e internacionais.*
- *En data 17/03/2023, mediante os rexistros de entrada núm. 2023005784 e núm. 2023005766, o Concello de Vigo presenta a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.*
- *Revisada polo Servizo de Cooperación a documentación achegada, e cumprindo os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio, en data 23/03/2023 solicítase*



da Intervención Provincial a fiscalización e conformidade do expediente, que emite informe favorable en data 24/03/2023.

- En data 14/04/2023, con rexistro de entrada núm 2023008219, o concello de Vigo remite novo acordo de aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto do convenio, polo que se corrixe a data de celebración do evento reflectida na proposta do mesmo, que será os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023 en lugar dos días 20, 21 e 22 de setembro 2023.
- En virtude do anterior, en data 14/04/2023 o servizo de Cooperación emite dilixencia en relación á corrección do texto do convenio no relativo á data de celebración do evento, e respecto do cal en data 17/04/2023 a Intervención Provincial emite dilixencia de conformidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPAC, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*
- *Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.*

Competencia das administracións

- *Artigo 25.2 da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*



- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 109 da LALGA, que atribúe ás deputacións competencias en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA.*

Competencia para resolver

- *Artigo 8.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, que en virtude do establecido na base 16.1 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 34 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Presidencia.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións, ao interese público que representa esta actuación e ao principio de colaboración interadministrativa que se recolle na lexislación vixente, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo conveñen a súa colaboración neste ámbito para o desenvolvemento da Feira “Metal Industry and Technologies International Trade Fair, Mindtech” correspondente ao ano 2023.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e no expediente quedan acreditadas as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da dita feira.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, en virtude do establecido na base 16^a.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

En consecuencia, tendo en conta todo o exposto e visto o informe da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/03/2023 (CSV:6K7EPCM8WBV6DZ19), así como a dilixencia emitida o 14/04/2023 (CSV:FNV21LWUMMGZ0XG8) por mor da corrección do texto do convenio no relativo á data de celebración do evento, e o informe da Intervención Provincial, de data 24/03/2023 (CSV:WERHX5KV40BK63B0), así como a respectiva dilixencia de conformidade de 17/04/2023



(CSV:SV7IGUJBT6DPOA0T), respecto da citada corrección do texto, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- Aprobar o *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” CORRESPONDENTE AO ANO 2023*, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” CORRESPONDENTE AO ANO 2023

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), deciden potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.



Neste sentido a Lei 7/1985 (LRBRL), artigo 25.2.h) e i) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras, no que interesa ao presente convenio para fomento do emprego por mor do desenvolvemento da terceira Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” e cunha indubidable repercusión na promoción turística da cidade e das Rías Baixas.

III. Que a cidade de Vigo e a súa contorna, constituíse como unha das principais áreas de desenvolvemento das industrias do metal. Este sector destaca polo seu potencial para o desenvolvemento da nova industria 4.0 para o sector metalúrxico e industrial de Vigo e toda a provincia de Pontevedra.

Segundo o Informe do Sector Metalmeccánico realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), entre as oportunidades para o sector en Galicia destacan: a posibilidade de alianzas estratéxicas, o crecemento das innovacións en tecnoloxías e a súa aplicación nos equipos produtivos e as plataformas de internacionalización cara a mercados exteriores.

O sector industrial e concretamente o sector metalúrxico, metalmeccánico e a súas tecnoloxías asociadas representan máis do 20% del PIB de Galicia, englobando diversas actividades.

Á vista destes indicadores a “Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME”, CIF G36614774, organiza a terceira Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH”, como feira industrial referente no Polo Ibérico que se celebra en Vigo os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023.

IV. Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custos de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a “Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME”, propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e cara a promoción do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

A oportunidade da organización desta terceira Feira Internacional do Metal en Vigo, na cal participarán profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Aparellos; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueis; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estructuras Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimentos; Caldeirería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc., ten unha gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que converte esta Feira nun gran escaparate para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia, a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.



En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas do sector do Metal e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

V. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

VI. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos obxectivos estratéxicos a promoción do emprego e o apoio as iniciativas de cualificación turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023 da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH”, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- *Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.*
- *Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.*
- *Posicionamento estratéxico como polo económico e industrial para competir nun mercado global.*
- *Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.*
- *Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.*

SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CEN MIL EUROS (100.000,00€), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade conveniada de acordo co proxecto subvencionado achegado pola entidade. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.



1. A Deputación Provincial comprométese a achegar, a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo e Pontevedra).

2. O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 2410 4700005 "FEIRA METAL MINDTECH" do orzamento do Concello de Vigo.

TERCEIRO. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervenientes terá lugar coa seguinte desagregación:

ANUALIDADE	ENTIDADE	TOTAL
2023	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	45.000,00€
2023	CONCELLO DE VIGO	55.000,00€
TOTAL		100.000,00€

2º. O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH". Esta sociedade é a entidade organizadora de dita feira, polo que é titular do dereito exclusivo vinculado á organización do evento.

3º. O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarase a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguimento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

CUARTO. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH", tendo en conta a condición de entidade organizadora da citada Feira.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo



127.1.g) da LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.

- *Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se concederon.*
- *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- *Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial as recollidas no seu artigo 11, e ao establecido no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; e tamén será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

QUINTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL euros (45.000,00€) o que supón o 45,00% do custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 (LRXSP), e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.

SEXTO. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e



publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVO. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, establecendo una porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20 %.

A documentación xustificativa a presentar polo beneficiario previa á realización do pago final será a seguinte:

- *Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a " Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH";*
- *memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;*
- *facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;*
- *conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo;*
- *certificación de pagamento a favor da " Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH", asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;*
- *xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación;*



- *declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requirida.*
- *declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.*
- *declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.*
- *calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

NOVENO. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- *A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.*
- *Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- *Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO. VIXENCIA

O convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2023.

UNDÉCIMO. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Serán causas de resolución:

1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º. O acordo unánime dos asinantes.

3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DUODÉCIMO. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

*A secretaria de Administración Municipal do
Concello de Vigo*

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Susana Gallardo Fariña

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay "

– DARLLE TRASLADO da presente resolución ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa. "



Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperacións Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7), a proposta de resolución indicada “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, CRECENTE, O ROSAL E A GUARDA PARA MELLORAR A SINALIZACIÓN EXISTENTE MEDIANTE PANEIS INFORMATIVOS E COLOCACIÓN DE NOVAS BALIZAS DE GUIADO NO ANEL VERDE (REDE DE SENDAS) DO RIO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO. (Expte 2023010164)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre o convenio de colaboración tramitado polo Servizo de Cooperación:

ASUNTO.- INFORME SOBRE O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, CRECENTE, O ROSAL E A GUARDA PARA MELLORAR A SINALIZACIÓN EXISTENTE MEDIANTE PANEIS INFORMATIVOS E COLOCACIÓN DE NOVAS BALIZAS DE GUIADO NO ANEL VERDE (REDE DE SENDAS) DO RIO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO

Dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación do informe sobre a aprobación do convenio de colaboración tramitado desde o Servizo de Cooperación e que se relaciona a continuación.

CONVENIO DE COLABORACIÓN		
DENOMINACIÓN	APROBACIÓN	EXPEDIENTE
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PROVINCIAL PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, CRECENTE, O ROSAL E A GUARDA PARA MELLORAR A SINALIZACIÓN EXISTENTE MEDIANTE PANEIS INFORMATIVOS E COLOCACIÓN DE NOVAS BALIZAS DE GUIADO NO ANEL VERDE (REDE DE SENDAS) DO RIO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO	Resolución Presidencial núm. 2023002679 de 31/03/2023	2023010164

O convenio sublinado ten un encadramento claro nas políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal, aproveitando o feito transfronteirizo como recurso e oportunidade para a mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio transfronteirizo abarca. O obxectivo do convenio é levar a cabo o deseño dos paneis interpretativos e das balizas de guiado; a fabricación, subministro e colocación de 12 paneis informativos e a colocación de 10 balizas para guiado no Anel Verde do Río Miño.



O custe total do investimento, que segundo o orzamento ascende a 24.800,00 €, será financiado na súa integridade pola Deputación de Pontevedra.

O convenio arriba referido, á vista do informe favorable da xefa do servizo de cooperación de data 14/03/2023 e do servizo de intervención de data 23/03/2023, foi aprobado mediante resolución presidencial núm. 2023002679 de 31/03/2023 ao considerarse que existían suficientes razóns que xustificaban o interese público do investimento e en base á necesidade de comprometer o gasto antes da finalización do exercicio 2023.

Tras a aprobación do convenio de colaboración procede a dación de conta á Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social na primeira sesión a celebrar. O texto do convenio literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, CRECENTE, O ROSAL E A GUARDA PARA MELLORAR A SINALIZACIÓN EXISTENTE MEDIANTE PANEIS INFORMATIVOS E COLOCACIÓN DE NOVAS BALIZAS DE GUIADO NO ANEL VERDE (REDE DE SENDAS) DO RIO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte D. Uxío Benítez Fernández, na súa condición de Deputado de Cooperación Transfronteiriza e da AECT Rio Minho da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da Resolución Presidencial núm. 2023002528, de 28/03/2023, sobre delegación de atribucións da Presidenta relativas á tramitación do presente convenio.

Doutra, D^a. Ánxela Fernández Callís, na súa condición de Alcaldesa de O Rosal, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, D. Horacio Gil Expósito, na súa condición de Alcalde do Concello de Arbo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, D. Julio César García Luengo, na súa condición de Alcalde do Concello de Crecente, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, D. Antonio Lomba Baz, na súa condición de Alcalde do Concello de A Guarda, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



E dando fe do acto que se celebra D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

As partes recoñécense con capacidade para a formalización do presente convenio, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación busca garantir un equilibrio no territorio da provincia entre o medio rural urbano, o interior e a costa, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que todos os cidadáns teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración máis próxima ós administrados e como motor do desenvolvemento económico-social.

II.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

III.- Pola súa parte, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúelle ás deputacións competencias para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV.- Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público; o artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

V.- No marco das actuacións para o desenvolvemento territorial da área transfronteiriza do Miño, a Deputación de Pontevedra participou no proxecto europeo 0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER no marco do programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A. Entre os obxectivos deste proxecto estaba a valorización da rede de sendas verdes do Río Miño mediante accións concertadas de promoción, valorización e desenvolvemento do territoriocomún.



VI.- En data 13/12/2022, a Autoridade de Xestión do POCTEP comunicou a aprobación do proxecto 0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P: Promoción y dinamización del Anel Verde (red de senderos verdes del río Miño) a través de actividades transfronterizas para la preservación, cualificación y valorización ambiental, presentado á sexta convocatoria de proxectos POCTEP 2014-2020 INTERREG V, do que é socio a Deputación de Pontevedra. O proxecto será cofinanciado nun 75% con fondos FEDER.

VII.- Na actividade 1 do dito proxecto está prevista a acción: “Realización das conexións entre os sendeiros existentes necesarios para consolidar a estrutura do ANEL VERDE, mediante a sinalización dos novos tramos de conexión e a mellora na sinalización dos existentes”.

As actuacións desenvolveranse nos concellos transfronteirizos de Crecente, Arbo, O Rosal e A Guarda e contan cun orzamento aprobado de 24.800 €, cofinanciados ao 75% con fondos FEDER.

En base a estes antecedentes, as partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación e os ditos

Concellos para poder levar a cabo:

*- **Deseño dos paneis interpretativos e das balizas de guiado.** Co obxectivo de implantar un modelo de panel unificado que indique a pertenza do elemento a destacar ou do sendeiro a percorrer, á rede de sendeiros verdes do Rio Minho Transfronteirizo (Anel Verde). Para o deseño, terase en conta o manual de identidade visual da marca Rio Minho (tipografías, cores, normas de uso...). O deseño das balizas de guiado, segundo permita colocar sobre elas o código QR dinámico e un elemento indicativo da pertenza do sendeiro á rede de sendeiros verdes do río Miño Transfronteirizo (marca Rio Miño).*

*- **Fabricación, subministro e colocación de 12 paneis informativos.** Trátase de substituír os paneis existentes para colocar novos paneis nos que incluíranse, ademais da información sobre o elemento a sinalizar, códigos QR que permitan o enlace aos contidos dixitais de interese relacionadas co coñecemento e protección do medio natural e da biodiversidade.*



Ademais, nos principais paneis das rutas de sendeirismo e BTT del territorio, incorporaranse adhesivos co QR dinámico con enlace a Wikiloc, onde se convida aos usuarios a seguir o recorrido, aportando seguridade ao usuario e mostrándolle outras rutas de similares características no territorio.

- **Colocación de 10 balizas para guiado** na senda que conecta o concello do Rosal co concello da Guarda.

Esta actuación englobase no proxecto europeo 0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER no marco da 6ª convocatoria do programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación e os ditos Concellos para poder levar a cabo:

- **Deseño dos paneis interpretativos e das balizas de guiado.** Co obxectivo de implantar un modelo de panel unificado que indique a pertenza do elemento a destacar ou do sendeiro a percorrer, á rede de sendeiros verdes do Rio Minho Transfronteirizo (Anel Verde). Para o deseño, terase en conta o manual de identidade visual da marca Rio Minho (tipografías, cores, normas de uso...). O deseño das balizas de guiado, segundo permita colocar sobre elas o código QR dinámico e un elemento indicativo da pertenza do sendeiro á rede de sendeiros verdes do rio Miño Transfronteirizo (marca Rio Miño).

- **Fabricación, subministro e colocación de 12 paneis informativos.** Trátase de substituír os paneis existentes para colocar novos paneis nos que incluíranse, ademais da información sobre o elemento a sinalizar, códigos QR que permitan o enlace aos contidos dixitais de interese relacionadas co coñecemento e protección do medio natural e da biodiversidade. Ademais, nos principais paneis das rutas de sendeirismo e BTT del territorio, incorporaranse adhesivos co QR dinámico con enlace a Wikiloc, onde se convida aos usuarios a seguir o recorrido, aportando seguridade ao usuario e mostrándolle outras rutas de similares características no territorio.

- **Colocación de 10 balizas para guiado** na senda que conecta o concello do Rosal co concello da Guarda.

Esta actuación englobase no proxecto europeo 0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER no marco da 6ª convocatoria do programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

Segunda.- Compromisos da Deputación

1) A Deputación asumirá a contratación das accións contidas na cláusula primeira por



un importe máximo de **24.800,00 € (IVE incluído)**.

- 2) A Deputación promocionará as intervencións obxecto do convenio dentro do ámbito de comunicación do proxecto 0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P
- 3) A Deputación intercambiará información cos Concellos de xeito que os faga partícipes das solucións técnicas escollidas no proxecto que garantan a súa viabilidade.

Terceira.- Compromisos dos Concellos.

Os concellos asinantes ten as seguintes obrigas:

- 1) Achega de información sobre os elementos de interese a sinalizar
- 2) Comprometese a tramitar, no seu caso, ante os organismos e administracións competentes as autorizacións pertinentes que fosen precisas para a colocación dos paneis.
- 3) Facilitar a relación dos bens e servizos afectados, asumindo as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do proxecto.
- 4) Prestar a colaboración e facilitar toda documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- 5) Unha vez colocados os paneis informativos e as balizas de sinalización, estes serán entregados ao concello correspondente, que será o titular dos mesmos e por tanto, responsable do seu mantemento e conservación nos vindeiros 5 anos.

Cuarta.- Financiamento.

Os investimentos necesarios para levar a cabo as actuacións serán financiados pola Deputación de Pontevedra pola contía total de **24.800,00 € (IVE incluído)**. O orzamento desagregase no Anexo I do presente convenio.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria **23/942.4392.652.02**, “**Investimentos xestionados para Concellos**” do presente orzamento provincial.

As accións recollidas no presente convenio están recollidas no Formulario Financeiro aprobado do proxecto 0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P, correspondente a acción 1.1 “Realización das conexións entre os sendeiros existentes necesarios para consolidar a estrutura do ANEL VERDE, mediante a sinalización dos novos tramos de conexión e a mellora na sinalización dos existentes”.

O proxecto enmarcase na Sexta convocatoria do POCTEP 2014-2020, nas accións de capitalización, polo que as accións obxecto deste convenio serán cofinanciadas nun 75% con fondos FEDER.



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (25%)	FONDOS FEDER 75% ESPAÑA- PORTUGAL POCTEP 2014-2020	TOTAL
6.200,00 €	18.600,00 €	24.800,00 €

Dado que no proxecto 0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P recóllese para estas accións un orzamento a co-financiar de 24.800,00 €, no caso de que como resultado das licitacións se produzan baixas nas adxudicacións das contratacións, ditos importes empregaríanse no reforzo da sinalización aumentando o número de unidades (paneis) de xeito proporcional entre os concellos asinantes. Este gasto, salvo que posteriormente se conceda unha prórroga para os proxectos aprobados na 6ª convocatoria do POCTEP 2014-2020, ten que estar efectivamente realizado e pagado o 30 de xuño de 2023.

Quinta.- Publicidade:

En calquera publicidade ou comunicación que realice calquera das administracións asinantes, estará obrigada a deixar expresa constancia que as actuacións contidas neste convenio son executadas pola Deputación, no marco do proxecto denominado “Promoción y dinamización del Anel Verde (red de senderos verdes del río Miño) a través de actividades transfronterizas para la preservación, cualificación y valorización ambiental” (0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P), aprobado na Sexta convocatoria do POCTEP 2014-2020, que conta cun cofinanciamento do 75% de FondosFEDER.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre os Concellos e a Deputación.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina Web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



Sexta.- Compatibilidade con outras subvencións.

O contido deste convenio non será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Sétima.- Comisión de Seguimento e Control.

Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento mixta, integrada pola Presidenta da Deputación e os Alcalde dos Concellos mencionados, ou persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada administración.

Corresponderalle á Comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A determinación das obrigas respecto das actuacións en curso no caso de extinción por causa distinta ó cumprimento da vixencia do convenio.*
- As demais funcións que se lle atribúan neste convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Oitava.- Remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

As partes comprométense a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e na R.P. de 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a Instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do Sector Público local, todo elo no prazo e na forma establecidos ao efecto.

Novena.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das



actuacións obxecto do convenio. En todo caso, fíxase un prazo de vixencia do convenio ata o 30 de xuño de 2023.

Logo da solicitude previa dos concellos asinantes, realizada polo menos un mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado até un máximo de 3 meses por acordo expreso das partes, tomado antes de que expire a súa vixencia e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación. A concesión da prorroga estará condicionada á existencia previa dunha prórroga concedida pola Autoridade de Xestión do POCTEP, para estender o prazo de execución do proxecto 0784_VIVE_RIO_MINHO_1_P mais alo do 30 de xuño de 2023.

Tamén por acordo expreso de todas as partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Décima.- Resolución.

Ademais do cumprimento do prazo de vixencia, serán causas de resolución, o acordo unánime dos asinantes, o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio, por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio, e por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Undécima.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Os Concellos da Guarda, do Rosal, de Arbo, de Crecente, e a Deputación Provincial de Pontevedra, comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio marco a un só efecto no lugar e data salientada no seu encabezamento.

O Deputado de Cooperación Transfronteiriza e da AECT Rio Minho,



Uxío Benítez Fernández

*Polo Concello do Rosal,
Ánxela Fernández Callís*

*Polo Concello de Arbo,
Horacio Gil Expósito*

*Polo Concello de Crecente,
Julio Cesar Garcia Luengo*

*Polo Concello de A Guarda
D. Antonio Lomba Baz*

*O Secretario Xeral,
Carlos Cuadrado Romay*

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, CRECENTE, O ROSAL E A GUARDA PARA MELLORAR A SINALIZACIÓN EXISTENTE MEDIANTE PANEIS INFORMATIVOS E COLOCACIÓN DE NOVAS BALIZAS DE GUIADO NO ANEL VERDE (REDE DE SENDAS) DO RIO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO

ANEXO I

ORZAMENTO

O orzamento da actividade é de 24.800,00 € coa distribución seguinte:

DESEÑO DE PANEIS INTERPRETATIVOS E DE BALIZAS	IMPORTE (IVE incluído)
TOTAL	3.655,00 €

FABRICACIÓN, SUMINISTRO E COLOCACIÓN 12 PANELES INFORMATIVOS		IMPORTE (IVE incluído)
O ROSAL	<i>Colocación e/ou substitución de tres novos paneis/mesas informativos/as</i>	4.537,50 €



A GUARDA	<i>Colocación e/ou substitución de tres novos paneis/mesas informativos/as</i>	4.537,50 €
ARBO	<i>Colocación e/ou substitución de tres novos paneis/mesas informativos/as</i>	4.537,50 €
CRECENTE	<i>Colocación e/ou substitución de tres novos paneis/mesas informativos/as</i>	4.537,50 €
TOTAL		18.150,00 €

COLOCACIÓN DE 10 BALIZAS DE GUIADO		IMPORTE (IVE incluído)
O ROSAL	<i>Colocación de 5 balizas de guiado</i>	1.497,50 €
A GUARDA	<i>Colocación de 5 balizas de guiado</i>	1.497,50 €
TOTAL		2.995,00 €

A Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social queda enterada da aprobación do convenio de colaboración referido “ut supra”.

4.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (Expte. 2021039566)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA PRAZA DO



CALVARIO" AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (Expte. 2021039566)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello do Rosal con destino á execución da actuación denominada "Remodelación da Praza do Calvario", ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.518.474,44€ e a subvención concedida a 517.938,05€ (34,11%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.000.536,39€ (65,89%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000592 de 28/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 04/02/2022.
- Na data 25/11/2021 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 1.242.415,78€ (IVE incluído), cun orzamento de licitación de 1.518.474,44€, do que resulta unha porcentaxe de adxudicación de 81,82% e unha baixa de 276.058,66€ (18,18%), formalizándose o contrato administrativo o 22/12/2021.
- Na data 14/07/2022 o concello presenta un proxecto modificado, aprobado polo Pleno da Deputación mediante o acordo núm.5.7831 adoptado na sesión do día 29/07/2022. O orzamento do proxecto modificado ascende a 1.717.058,12€, o que supón un incremento de 198.583,68€ que, ao aplicarlle a porcentaxe de adxudicación, resulta un importe de 162.481,17€, que pode financiarse integramente contra a baixa.
- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, na data 20/01/2023 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023003249) a comunicación da notificación da proposta de resolución provisional do Instituto para la Diversificación y el Ahorro de Energía (IDAE), adscrito ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) de 02/12/2022, propoñendo unha axuda para o Concello do Rosal por importe máximo de 1.055.540,30€, dentro do "Programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpia en municipios de reto demográfico" (Programa DUS 5000), no marco do "Programa de Regeneración y Reto Demográfico" do "Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia" (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o Programa REACPON. Esta resolución provisional foi aceptada polo Concello do Rosal en data 22/12/2022. Na data 28/03/2023 o Concello presenta no Rexistro da Deputación a resolución definitiva do IDAE de concesión da axuda (núm. rexistro WEB2023021721) e unha memoria descritiva co desglose dos custos (núm. rexistro WEB2023021812) (27.851,78€ dos 1.055.540,30€ da mencionada axuda corresponden a dirección



facultativa da obra, control de seguridade e saúde, asistencia técnica para a redacción da memoria e servizo de asistencia para a tramitación e presentación da axuda, partidas non incluídas na subvención concedida ao Concello do Rosal ao abeiro do Programa REACPON).

- Na data 12/04/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 17/04/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación (KARQ2EMCBUTPU2BC) relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución da actuación denominada “Remodelación da Praza do Calvario” no marco do Programa ReacPon.



CONSIDERACIONES XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o Concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases



Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Á vista da subvención concedida polo MITECO, a través do IDAE, ao abeiro do Programa DUS5000, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actuación subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento total da actuación	1.518.474,44 €	
Aportación inicial da Deputación (REACPON)	517.938,05 €	
Porcentaxe aportación Deputación	34,11%	
Aportación do Concello	1.000.536,39 €	
Porcentaxe aportación Concello	65,89%	
Subvención MITECO (DUS5000) con honorarios	1.055.540,30 €	
Honorarios	27.851,78 €	
Subvención MITECO restando honorarios	1.027.688,52 €	
Importe restante a cofinanciar	490.785,92 €	
Mantendo as porcentaxes de financiamento		
	Achega	Porcentaxe
Deputación	167.402,69 €	34,11%
Concello	323.383,23 €	65,89%
Total	490.785,92 €	100,00%



Conforme á anterior táboa, a diferenza resultante entre a subvención inicialmente concedida pola Deputación (517.938,05€) e a subvención reaxustada (167.402,69€), que ascende a 350.535,36€, se deixará de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído.

Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello do Rosal.

Á vista do reaxuste orzamentario, tramitaranse os expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades correspondentes.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 04/04/2023 (CSV: KARQ2EMCBUTPU2BC), o informe da Secretaria Xeral de 12/04/2023 (CSV: 33JRQRX4K039NNXJ), e a dilixencia de conformidade de Intervención de 17/04/2023 (CSV: ONQKROO7U8JND9Y8), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR a modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello do Rosal para realizar a actuación "REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO", ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda, a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído e a tramitación dos expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades que procedan.

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello do Rosal, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia."

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

5.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN DENOMINADA "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA EIRA DA LIÑAZA" PRESENTADO POLO CONCELLO DAS NEVES AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021038244)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación

"ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN DENOMINADA "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA EIRA DA LIÑAZA" PRESENTADO POLO CONCELLO DAS NEVES AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021038244)



ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello das Neves con destino á execución da actuación denominada “HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA EIRA DA LIÑAZA”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de outubro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 399.776,62€ e a subvención concedida a 359.798,96€ (90%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 39.977,66€ (10%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2021007874 de 30/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 12/01/2022.
- Na data 23/03/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2023020169 e WEB2023020173) o proxecto reformulado asinado no mes de xaneiro de 2022 coa única finalidade de corrixir a gralla detectada no capítulo 5.2. do orzamento (Mobiliario Urbano), tanto no prezo como nas unidades a executar de cada partida, non afectando os cambios nin ao monto total do capítulo nin, polo tanto, ao orzamento total da obra.
- Na data 10/04/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023024466) o certificado do acordo de aprobación do proxecto.
- Na data 12/04/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023024817) un informe aclaratorio do autor do proxecto.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 13 de abril de 2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios límitanse á corrección dun erro detectado no capítulo 5.2 do orzamento (Mobiliario Urbano), no prezo e unidades a executar de cada partida, sen producir cambios nin no monto total do mencionado capítulo nin no orzamento total da obra. Os cambios no proxecto non alteran os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas e, polo tanto, non se modifica a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 18/04/2023, a Intervención provincial emite informe favorable á modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado



- por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
 - Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
 - Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
 - Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
 - Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
 - Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
 - Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO)
 - Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
 - Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)
 - Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello das Neves para a execución da actuación denominada “Humanización da Rúa Travesía Eira da Liñaza” no marco do Programa ReacPon

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a



disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.

- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2022), asinado no mes de xaneiro de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O orzamento do proxecto reformulado correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non modifican nin o orzamento de licitación nin a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da



convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 13/04/2023 (CSV: SE8NFBQSQXMKGooK), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 14/04/2023 (CSV: Z9B4OS4OGXJVREY), e o informe favorable de Intervención de 18/04/2023 (CSV: ZRFPFNO5ZBOQ1IBL), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto reformulado da actuación denominada "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA EIRA DA LIÑAZA" presentado polo Concello das Neves ao abeiro do Programa ReacPon.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello das Neves, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia."

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

6.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO SEGUNDO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN DENOMINADA "MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO" PRESENTADO POLO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021040005)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

"ASUNTO: APROBACIÓN DO SEGUNDO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN DENOMINADA "MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO" PRESENTADO POLO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (Expte. 2021040005)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Meaño con destino á execución da actuación denominada



“MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).

- O orzamento do investimento ascendía a 450.400,72€ e a subvención concedida a 360.320,58€ (80%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 90.080,14€ (20%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000335 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/01/2022. Na súa cláusula 5ª recóllese que o Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido, a Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda.
- Na data 11/02/2022, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, o concello solicita unha subvención por importe de 90.080,14€ con destino ao financiamento da achega municipal ao Programa REACPON para a execución da dita actuación, subvención que foi concedida mediante acordo 8.31424 adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno de data 11/03/2022.
- Na data 12/07/2022 o concello presentou no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022039727) un proxecto reformulado do proxecto inicial (emendado o 14/07/2022 (núm. rexistro WEB2022040036), no que o orzamento aumentaba en 53.398,18€ (11,86%), ata o importe de 503.798,90€, Na mesma data (núm. Rexistro WEB2022040036), o concello tamén presentou unha certificación do acordo do Pleno da corporación municipal, de aprobación do proxecto reformulado e do compromiso de asumir o financiamento do incremento do orzamento. O dito proxecto aprobouse polo Pleno da Deputación, mediante o acordo núm. 4.7830 de data 29 de xullo de 2022. Mediante a resolución presidencial núm. RP2022006892 de 28/09/2022 aprobouse a correspondente Addenda ao Convenio, a cal se asinou o 29/09/2022.
- Na data 26/10/2022 o concello adxudica a Obras Gallaecia, S.L. a realización do investimento por un importe de 503.798,90€, formalizándose o contrato administrativo o 28/10/2022.
- Na data 04/04/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023023650) a solicitude dunha segunda addenda ao convenio debido á modificación do proxecto, como consecuencia da aparición de amianto na realización dos traballos previos, o que motiva a inclusión da partida de retirada do fibrocemento con amianto existente na cuberta (para o tratamento e eliminación do material contaminado) e provoca a solicitude de resolución do contrato por mutuo acordo por parte da empresa adxudicataria, e achega o novo proxecto reformulado e o certificado do acordo do Pleno municipal de aprobación do dito proxecto e do compromiso de financiamento da contía non financiada mediante o Programa ReacPon e o Plan Concellos 2022-2023. O orzamento do novo proxecto incrementábase en 98.601,63€ (19,57%) respecto do anterior reformulado, ata o importe de 602.400,53€ (resultando un incremento do 33,75% respecto do proxecto inicial).



- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 13 de abril de 2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que, tras a aparición de amianto na realización dos traballos previos, a Dirección Facultativa propuxo a redacción dun modificado para recoller o tratamento e a eliminación do material contaminado. Ante esta situación o adxudicatario solicitou a resolución do contrato por mutuo acordo e o concello instou a redacción do proxecto reformulado. Os cambios no proxecto non alteran os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio e, polo tanto, non se modifica a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 18/04/2023, a Intervención provincial emite informe favorable á modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño



para a execución da actuación denominada “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento do pavillón de deportes de Meaño” no marco do Programa ReacPon

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada



polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIONES

O novo proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 31 de marzo de 2023), non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O concello asume o compromiso de financiamento do incremento do orzamento do investimento, manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:

	Primeiro reformulado	Segundo reformulado
Orzamento	503.798,90€	602.400,53€
Subvención Programa ReacPon	360.320,58€	360.320,58€
Importe cofinanciado (Plan Concellos 2022/23, liña 1)	90.080,14€	90.080,14€
Importe cofinanciado (Concello)	53.398,18€	151.999,81€
% Subvención ReacPon / orzamento	71,52%	59,81%

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos, que incrementan o orzamento de licitación nun 19,57% respecto do anterior proxecto reformulado (cun incremento acumulado do 33,75% respecto do proxecto inicial) non modifican a puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 13/04/2023 (CSV: SE8NFBQSQXMKGooK), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 14/04/2023 (CSV: 8TSXDYH2CM3KEHCY), e o informe favorable de Intervención de 18/04/2023 (CSV: V4AYST5NXVUOVooY), sométese ao ditame da Comisión



Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO.

- APROBAR o segundo proxecto reformulado da actuación denominada "MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO", presentado polo Concello de Meaño ao abeiro do Programa REACPON.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Meaño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia."

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

7. ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e once minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria da Comisión,

Marina Piñeiro Novo

